



NOVAS PENZOL

n. 4 maio 2013

Contidos

- * Roberto Vidal Bolaño : bibliografía na Casa Galega de Cultura
- * Valentín Paz Andrade : más material de arquivo
- * Fundación Penzol : actividades culturais do ano 2013

Co motivo de lle dedicar o Día das Letras Galegas deste ano 2013 a Roberto Vidal Bolaño, figura senlleira do teatro galego como autor, director e actor, o número 4 de NOVAS PENZOL recolle os fondos que sobre el existen na Casa Galega da Cultura, tanto na Biblioteca Penzol coma na Biblioteca Francisco Fernández del Riego.

A relación consta de 19 monografías da súa autoría, 2 referencias de obras que dirixiu e 6 artigos en publicacións periódicas.

Sobre a súa figura e a súa obra aparecen 14 referencias en monografías e 13 artigos en publicacións periódicas.

Tamén se inclúen neste número uns fondos de Valentín Paz-Andrade, existentes no Arquivo Francisco Fernández del Riego, que non foron relacionados no número 1 de NOVAS PENZOL.

Péchase este número coa información sobre a actividade cultural realizada e prevista da Fundación Penzol ao longo do ano 2013, co gallo do Centenario do nacemento de Francisco Fernández del Riego e do Cincuenta aniversario da creación da Fundación Penzol.

Saúdos cordiais

Silvestre Gómez Xurxo
Responsábel de Novas Penzol

FUNDACIÓN PENZOL * Casa Galega da Cultura * Praza da Princesa, 2 * 36202 VIGO. Teléfono: 986 226459 * Fax: 986229081 * correo-e: casagalegacultura@vigo.org
Horario público: luns a venres: 9:00 a 14:00 h. - 17:00 a 20:00 * 15 de xuño ao 15 setembro: abre só polas mañás

Nota biográfica sobre Roberto Vidal Bolaño

Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela 1950 – 2002), formou parte do denominado "Grupo Abrente" que, a partir da década dos 70, renovou e actualizou tanto a escrita como as representacións dramáticas galegas. Todas as súas actividades xiraron sempre e en exclusiva, arredor do teatro: desde a creación do "Grupo Antroido", en 1975, até a súa compañía actual "Teatro do Aquí", pasando pola breve experiencia da cooperativa "Teatro do Estaribel". En 1978 deu o paso definitivo que levou ás xentes do teatro galego a se transformaren en profesionais, superando de vez a pantasma de "amador" que pairara sempre sobre a historia do noso teatro.

A súa produción está caracterizada polo compromiso co país e a lingua, a experimentación estética, e o diálogo coa tradición, tanto culta como popular, literaria e histórica, social e política. O feito de que Vidal Bolaño escribise para a súa compañía, coa urxencia que esixe a obrigada estrea anual e a atención dedicada ao texto espectacular, non empeceu en absoluto a calidade literaria dos seus textos dramáticos, nos que as resonancias de Otero Pedrayo e Valle Inclán se transforman en esmaltes que enriquecen a súa literatura e agasallan ao lector.

A pesar de que xa nas décadas dos setenta e oitenta lograra diversos premios ("Abrente", "O Facho" e "Ciudad de Valladolid"), como aconteceu con outros integrantes do "Grupo Abrente", o recoñecemento artístico de Vidal Bolaño non se produciu até os anos noventa, cando a obtención de premios institucionais, galegos e portugueses ("Rafael Dieste", "Alvaro Cunqueiro", "Xacobeo 92", "Eixo Atlántico", "María Casares" ...), normalizou tanto a publicación das súas obras como o seu coñecemento por parte da prensa e, en consecuencia, do público.

A súa forte personalidade deixou unha profunda pegada nos dramaturgos máis novos, cuxas consecuencias se verán co transcorrer do tempo.

A figura e a obra de Roberto Vidal Bolaño foron fundamentais na construcción dun teatro nacional galego.

[Febreiro, 2002]

En: Biblioteca Virtual Galega: bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=RobVidal

BIBLIOTECA DA FUNDACIÓN PENZOL

ROBERTO VIDAL BOLAÑO, AUTOR MONOGRAFIAS

Laudamuco, señor de ningures ; Ledaíñas pola morte do Meco. Santiago de Compostela : Pico Sacro, 1977. SIGN : 26/283

Agasallo de sombras. Santiago de Compostela : El Correo Gallego : Compostela, D.L. 1992. SIGN : C-369/9

Bailadela da morte ditosa : (sete baileretadas de amor e unha de morte) / Santiago de Compostela : Sotelo Blanco, D.L. 1992. SIGN : 144/22

Daniel Cortezón. En: *Crítica e autores : artigos e entrevistas publicados na Voz de Galicia*. A Coruña : La Voz de Galicia, D.L. 1992. P. 219-220 Sign.:10/87

Días sen gloria. Santiago de Compostela : [s.n.], 1993. SIGN : C-392/11

Saxo tenor. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, D.L. 1993. SIGN : 43/102

As actas escuras. En: O Circo da media noite / Manuel Lourenzo. Maremia / Euloxio Ruibal. As actas escuras / Roberto Vidal Bolaño. [Vigo] : Asociación Socio-Pedagógica Galega : A Nosa Terra, D.L. 1997. P. 129-234. SIGN : 29/93

A Opera de a patacón : versión libre para charanga e comediantes pouco ou nada subsidiados, arredor de textos de John Gay e de Bertolt Brecht. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, D.L. 1998. SIGN : 32/310

Perspectivas do teatro galego actual. En: *Xornadas das Letras Galegas en Lisboa (1º. 1998. Lisboa)*. Santiago de Compostela : Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, D.L. 1998. P. 183-194. SIGN : 40/198

Teatro con T maiúsculo : (a cerca do teatro de Ramón Otero Pedrayo). En: *Homenaxe ó profesor Manuel Quintáns*. Santiago de Compostela : Follas Novas, D.L. 1999. P. 257-264. Sign.: 45/205

A Burla do galo. Santiago de Compostela : Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, 2000. SIGN :45/233

Mar revoltó / Roberto Vidal Bolaño ; [dirección José Martins ; estudio crítico Inma López Silva]. Santiago de Compostela : Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, 2001. SIGN : 42/229

Saxo tenor. [A Coruña] : La Voz de Galicia, D.L. 2002. SIGN : 43/390.

Animaliños / Roberto Vidal Bolaño ; edición e introducción de, Luís Alonso Girgado, Teresa Monteagudo Cabaleiro, Manuel Quintáns Suárez. Santiago : Follas Novas, D.L. 2003. SIGN : 20/467

Daquel abrente / Roberto Vidal Bolaño, Francisco Taxes ; [dirección Antonio Simón ; estudio crítico Pedro P. Riobó]. Santiago de Compostela : Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, 2003. SIGN : 10/174

Memoria de mortos e ausentes / de Roberto Vidal Bolaño ; introducción, edición e notas de Pedro P. Riobó. En: *Revista galega de teatro*. N. 33/34 (inverno 2002-primavera 2003) (Textos ; XX). Páginas centrais. SIGN : RG-492

[**Na cantina da estación do tren ... = In the railway café ...**]. En: *Anthology of Galician literature (1981-2011) = Antoloxía da literatura galega*. Santiago de Compostela : Xunta de Galicia ; Vigo : Galaxia, D.L. 2012. p. 350-363. Sign.: 143/280

ROBERTO VIDAL BOLAÑO, DIRECTOR TEATRAL MONOGRAFIAS

Cortezón, Daniel

Xelmírez ou A gloria de Compostela / Daniel Cortezón Alvarez ; [dirección e dramaturxia, Roberto Vidal Bolaño]. Santiago de Compostela : Xunta de Galicia : IGAEM, 1999. (Centro Dramático Galego ; 20). SIGN : 41/336

Otero Pedrayo, Ramón

Rosalía / Ramón Otero Pedrayo ; [dirección de Roberto Vidal Bolaño]. Santiago de Compostela : IGAEM, 2001. SIGN : 46/234

ARTIGOS DE ROBERTO VIDAL BOLAÑO

En **A TRABE DE OURO**. Sign.: SL-R-19.

- *Sen ir mais lonxe*. N. 50 (2002), p. 229-247

En **CASAHAMLET**. Sign.: RG-434

- *A increpación : (cinco variacións improbables arredor dun mesmo autor)*. N. 4 (2002), p. 54-57.
- *Ledaíñas*. N. 5 (2003), p. 1

En **INFORMACIÓN TEATRAL**. Sign.: RG-492

- “2132” : (*exercicio para debuxantes intrépidos*). 2ª época, n. 8 (primavera-verán 1992), caderniño central, [20] p.

En **INTERESARTE**. Sign: RG-391

- *Roberto Vidal Bolaño, e o teatro namorouse do cine/* (Entrevista de Yolanda López López). N. 7 (1999), p. 44-46

En **RGT** : revista galega de teatro. Sign.: RG-492

- *Proposta para a realización dun programa de dinamización e descentralización teatral en Centros Culturais do concello de Santiago*. N. 16 (1997), p. 28-40

BIBLIOTECA DA FUNDACIÓN PENZOL

MONOGRAFÍAS SOBRE ROBERTO VIDAL BOLAÑO

Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico : estudios críticos seguidos da comedia "¡Anxeliños!" / Carmen Becerra Suárez e María Teresa Vilariño Picos (eds) Lugo : Tris Tram, D.L. 2002. SIGN: 29/348

Monteagudo Cabaleiro, Teresa

O labor teatral e cinematográfico. En: Vidal Bolaño, Roberto. *Animaliños*. Santiago de Compostela : Follas Novas, D.L. 1999. p. 21-40. SIGN.: 20/467

Alonso Girkado, Luis

Roberto Vidal Bolaño, 1950-2002 : apunte biográfico. En: Vidal Bolaño, Roberto. *Animaliños*. Santiago de Compostela : Follas Novas, D.L. 1999. p. 13-19. SIGN.: 20/467

Curriculum Vitae de Roberto Vidal Bolaño. En: Vidal Bolaño, Roberto. *A burla do galo*. Santiago de Compostela : IGAEM, 2000. p. 27-28. SIGN.: 45/233

Vilavedra, Dolores

A coherente aventura teatral de Roberto Vidal Bolaño. En: Vidal Bolaño, Roberto. *A burla do galo* . Santiago de Compostela : IGAEM, 2000. P. 57-89. SIGN.: 45/233

Guede Oliva, Manuel

Imposible outro alento. En: Vidal Bolaño, Roberto. *A burla do galo* . Santiago de Compostela : IGAEM, 2000. P. 15-16. SIGN.: 45/233

Dobarro Pérez, Xosé María ; Rodríguez Gómez, Luciano.

O contexto. En: Otero Pedrayo, Ramón. *Rosalía*. Santiago de Compostela : IGAEM, 2001. P. 49-124. SIGN.: 45/233

Tristán, Pancho.

Alalá de todos nós. En: *Crítica e autores : artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*. A Coruña : La Voz de Galicia, D.L. 2002. P. 441-442. SIGN.: 10/87

Franco, Camilo

Entrevista a Roberto Vidal Bolaño. En: *Crítica e autores : artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*. A Coruña : La Voz de Galicia, D.L. 2002. P. 443-446. SIGN.: 10/87

Becerra Suárez, Carmen

La presencia del cine en el teatro de Roberto Vidal Bolaño : Saxo tenor. En: *Congreso Internacional de Teoría del Teatro (4º.2002.Vigo)* . Vigo : Universidade de Vigo, Área de Teoría de la Literatura, 2002. P. 345-359. SIGN.: 137/153

Morris

Realidade e ficción. En: *Crítica e autores : artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*. A Coruña: La Voz de Galicia, D.L. 2002. P. 440. SIGN.: 10/87

Pazó, Cándido

Teatralidade. En: *Crítica e autores : artigos e entrevistas publicados en La Voz de Galicia*. A Coruña: La Voz de Galicia, D.L. 2002. P. 442-443. SIGN.: 10/87

Pascual, Roberto

Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro. Vigo : Edicións Xerais de Galicia, D.L. 2013
SIGN : 145/111

Peña Presas, Montse

Un Chapeu negro e un nariz de pallaso : tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño / edición, Montse Peña Presas, Gonzalo Enríquez Veloso. Vigo : Galaxia, D.L. 2013. SIGN : 145/132

ARTIGOS SOBRE ROBERTO VIDAL BOLAÑO

En **A TRABE DE OURO**: SIGN : SL-R-19

- *Vidal Bolaño na terra de Montes* / Santos Cabanas, Xosé Luis. N. 71 (2007), p. 147-149

En **RGT**: Revista galega de teatro. SIGN.: RG-492

- *Carta privada a Roberto Vidal Bolaño* / por Xulio Lago. N. 33/34, (2002-2003), p. 5-6
- *Roberto, necesario* / por Manuel Lourenzo. N. 33/34, (2003) ; p. 7-8
- *Roberto Vidal Bolaño in memoriam* / por César Lombera. N. 33/34 (2002-2003), p. 9-10
- *Falamos con ... Laura Ponte e Rodrigo Roel* / por Pedro Pablo Riobó. N. 33/34 (2002-2003), p. 11-15
- *A casa da Parra* / por Eduardo Alonso. N. 33/34 (2002-2003) ; p. 16-20
- *Roberto Vidal Bolaño : da enorme orfandade* / por Manuel Guedes Oliva. N. 33/34 (2002-2003), p. 21-22
- *Falamos con... Belén Quintás* / por Pedro Pablo Riobó. N. 33/34 (2002-2003), p. 23-27
- *Roberto Vidal Bolaño* / por Pedro P. Riobó. N. 33/34 (2002-2003), p. 28-33
- *Roberto Vidal Bolaño no audiovisual* / por Pancho Martínez. N. 33/34 (2002-2003), p. 34-35

En **CASAHAMLET**. SIGN.: RG-434

- *Roberto Vidal Bolaño e a literatura dramática en Galicia* / Inmaculada López Silva. N. 4 (2002), p. 88-91
- *Doentes : Galicia como fábula en Roberto Vidal Bolaño* / Antón Reixa. N. 14 (2012), p. 73

BIBLIOTECA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

ROBERTO VIDAL BOLAÑO, AUTOR MONOGRAFIAS

Desta biblioteca soamente se relacionan as obras non coincidentes coas da Fundación Penzol.

Días sen gloria / Roberto Vidal Bolaño ; ilustracións, Quintana Martelo. [A Coruña] : Deputación Provincial, D.L. 1992. FR-84/127. [Santiago de Compostela] : Edicións Positivas, D.L. 1998. SIGN : FR-91/61.

O teatro (1900-1990) . En: *Galicia (1900-1990)*. [Santiago de Compostela] : Consellería de Cultura e Comunicación Social. D.L. 1997, p. 150-163. SIGN : FR-21/64.

ARTIGOS SOBRE ROBERTO VIDAL BOLAÑO

Relacionase o único artigo que non coincide cos existentes na Fundación Penzol.

En **TRABE DE OURO**: SIGN : FR – R- 243

- *A Roberto Vidal Bolaño nada do humano lle foi alleo* / Dobao, Antón. N. 91 (2012), p. 473-476. SIGN: FR-R-243.

Fondos de Valentín Paz-Andrade Arquivo Francisco Fernández del Riego

No primeiro número de Novas Penzol (maio de 2012), que estivo dedicado á obra de Valentín Paz-Andrade, quedaron pendentes de mencionar documentos seus dunha carpeta formada por Francisco Fernández del Riego, cuxo contido é:

Dous cadernos manuscritos con orixinais de poemas recollidos en varios dos seus libros. Son versións definitivas dos poemas que presentan poucas correccións
Texto mecanografiado da autoría de E. [Emilio] Álvarez Blázquez sobre V. Paz Andrade
Nota mecanografiada sobre <i>La semana de exaltación gallega en Buenos Aires</i> [1952?]. Fai referencia ao discurso de V. Paz Andrade sobre as cidades galegas e tamén as conferencias que ditou en distintos centros universitarios de Buenos Aires
Prólogo do libro de Luis Villaverde Rey, <i>Mariscos de Galicia</i> . Orixinal mecanografiado. Abril, 1974
<i>O vento sementador : poema</i> . Orixinais mecanografiados con dúas versións
<i>Torre de Doncos, A mao do labrador, Rosario ao lume e Boavinda aos mariñeiros : poemas</i> . Orixinais mecanografiados
<i>Arosa: la isla del pulpo</i> : Orixinal mecanografiado do artigo publicado na revista Galicia emigrante de Buenos Aires (1955) co pseudónimo Mareiro
59 retallos de prensa recollidos dende 1924 a 1998 nos xornais <i>Opinión Gallega</i> , <i>Faro de Vigo</i> , <i>La Voz de Galicia</i> , <i>Galicia</i> (Buenos Aires): primeira páxina do 04/08/1924 co titular do encarceramento que V. Paz Andrade sufriu no mes de xullo do mesmo ano. <i>El Progreso</i> <i>Diario de Pontevedra</i> <i>La Noche</i> <i>El Ideal Gallego</i> <i>Cuaderno de Cultura de La Voz de Galicia</i> <i>A Nosa Terra</i> Unha boa parte das noticias concéñtranse en xuño do 1964 cando foi nomeado membro numerario de Real Academia Galega e nos días 20 e 21 de maio de 1987 con motivo do seu pasamento
Diversos folletos referentes a actividades e actos entre 1977 e 1999

Fundación Penzol

ACTIVIDADES CULTURAIS DO ANO 2013

DATA	ACTIVIDADE
10-01-2013	Presentación do libro VIGO DENDE O CORAZÓN DE GALICIA: homenaxe a Francisco Fernández del Riego
31-01-2013	Visita á Fundación Penzol do grupo de maiores da Universidade de Vigo. Charla sobre Francisco Fernández del Riego no seu centenario.
15-02-2013	Presentación do libro XEÓRXICAS DO PAN de Ramón Otero Pedrayo
04-03-2013	Actos do centenario de Francisco Fernández del Riego na Universidade de Vigo. Colocación dunha placa de pedra ao pe do pradairo plantado co gallo do seu pasamento e mesa redonda na Facultade de Filoloxía e Tradución.
15-03-2013	Recoleita do premio "Francisco Fernández del Riego" outorgado á Fundación Penzol pola Asociación Galega de Editores.
23-03-2013	Sesión pública extraordinaria da Real Academia Galega en Homenaxe a Francisco Fernández del Riego.
26-04-2013	Presentación do nº 197 de GRIAL, conmemorativo dos 50 anos da Fundación Penzol.
26-04-2013 a 26-05-2013	Exposición FERMÍN PENZOL. UNHA OBRA PARA UN PAÍS. Conmemoración do 50º aniversario da constitución da Fundación Penzol (Vigo, Casa da Cultura Galega).
21-05-2013	Acto conmemorativo de inauguración das instalacións da Fundación Penzol en Policarpo Sanz, nº 24 – 1º, Vigo. Placa na Casa Galega da Cultura de Vigo.
08-10-2013 a 15-11-2013	Exposición VIGO NA FUNDACIÓN PENZOL (Vigo, Casa Galega da Cultura)
26-11-2013 a 27-01-2014	Exposición conmemorativa CEN ANOS DE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO (Vigo, Casa Galega da Cultura)